

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 3, 1-8

Naquel tempo, había entre os fariseos un home chamado Nicodemo, maxistrado dos xudeus. Este veu onda el pola noite e díxolle:

– «Rabbí: sabemos que viñeches de Deus como mestre, pois ninguén pode facer estes signos que ti fas, non sendo que Deus estea con el.»

Respondeulle Xesús:

– «Con toda verdade cho aseguro: como un non naza de novo, non pode ver o Reino de Deus.»

Replicoulle Nicodemo:

– «¿Como pode un home nacer, sendo vello? ¿Pode entrar outra vez no seo da nai e nacer?»

Respondeulle Xesús:

– «Con toda verdade cho aseguro: como un non renaza pola auga e o Espírito, non pode entrar no Reino de Deus. O que naceu da carne, é carne; e o que naceu do Espírito, é espírito. Non che estrañe que eu che dixese: "É necesario que vós nazades de novo".

O vento sopra onde quere e ti sételo zoar pero non sabes de onde vén nin para onde vai. Así pasa con todo aquel que naceu do Espírito.»